

Declárase concluído o procedemento expropiatorio tramitado no expediente nº 208/413 e procédese ao seu arquivo, dándose-lles traslado dunha copia do acordo íntegro adoptado, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de un (1) mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses dende o día seguinte á recepción da presente notificación”.

A relación dos interesados é a seguinte:

Nome: Xunta de Compensación do Polígono 1 do Plan Parcial 03.23 Baruxans B.

Ultimo enderezo: Rúa Gregorio Espino, 41-F.

Cidade: Vigo.

Vigo, 2 de novembro de 2009.—O Alcalde, Abel Caballero Álvarez. **2009012825**

* * *

A ESTRADA

A N U N C I O

Pola Xunta de Goberno Local de data 23 de novembro de 2009, acordouse:

Primeiro.—Aprobar a modificación das bases para cubrir en réxime de interinidade unha praza de auxiliar administrativo en substitución da súa titular e durante o tempo que ésta se atopa de baixa, polo procedemento de oposición libre, para o departamento de Tesourería, na cláusula quinta relativa á composición do tribunal cualificador desta oposición quedando o mesmo do seguinte xeito:

Presidente:

Titular: Dna. Gisela Rey Baltar

Suplente: D. Javier Paz Vidal

Secretario:

Titular: Dna. María Josefa Martínez Barros

Suplente: Dna. Rosa Méndez Aragunde

Vogais:

Titular: D. Manuel Ferreiro Cabaleiro

Suplente: D. Jorge Armesto Rodríguez

Titular: D. Javier García Calvo

Suplente: D. Francisco Javier Quinteiro Torres

Titular: D. Luis Magariños Camino

Suplente: D. Alexandre Bernárdez Pereiras

Segundo—Fixar a data de constitución do Tribunal para o día 14 de decembro de 2009, a partires das 10 horas da mañá.

Terceiro.—Fixar a data do exame para o día 15 de decembro de 2009, a partires das 10.00 horas da mañá no edificio de Usos Múltiples.

A Estrada, 24 de novembro de 2009.—O alcalde, ilexible. **2009013087**

* * *

GONDOMAR

A N U N C I O

Aprobado polo Pleno deste Concello en sesión ordinaria celebrada o día 17 de novembro 2009 o expediente de modificación orzamentaria 37/09, exponse o público nas oficinas municipais do Concello de Gondomar durante o prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que polos interesados legítimos se presenten alegacións ou reclamacións que estimen oportunas. De non presentarse ningunha se considerará elevado a definitivo o presente acordo inicial.

Gondomar, a 19 de novembro do 2009.—O Alcalde, Martín V. Urgal Alonso.

A N U N C I O

Aprobado polo Pleno deste Concello en sesión ordinaria celebrada o día 17 de novembro 2009 o expediente de modificación orzamentaria 36/09, exponse o público nas oficinas municipais do Concello de Gondomar durante o prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que polos interesados lexítimos se presenten alegacións ou reclamacións que estimen oportunas. De non presentarse ningunha se considerará elevado a definitivo o presente acordo inicial.

Gondomar, a 19 de novembro do 2009.—O Alcalde, Martín V. Urgal Alonso. **2009013002**

* * *

MARÍN

A N U N C I O

Non producíndose reclamacións á modificación do REGULAMENTO DE USO E FUNCIONAMENTO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE MARÍN é considerándose aprobada definitivamente, publícase no Boletín Oficial da Provincia o texto íntegro en cumprimento do preceptuado no artigo 70.2 da Lei reguladora de Bases de Réxime Local, entrando en vigor unha vez transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril.

REGULAMENTO DE USO E FUNCIONAMENTO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE MARÍN

CAPÍTULO I.—INTRODUCCIÓN

ARTIGO 1. INTRODUCCIÓN

O obxectivo principal da Concellería de Deportes do Concello de Marín é o fomento, desenvolvemento e promoción das actividades físicas e recreativas, e en xeral da actividade deportiva de carácter afeccionado.

Para elevar o nivel de participación na actividade física dos veciños e veciñas, é necesario o uso ordenado e regulado das instalacións existentes, neste sentido a optimización do rendemento das instalacións deportivas debe ser o soporte fundamental do servizo público que ten que establecerse para o desenvolvemento consecuente do deporte no Concello de Marín.

As instalacións deportivas municipais permanecerán abertas ao público nos horarios que determine o Concello de Marín, e calquera cidadán poderá achegarse a elas e utilízalas de acordo coas normas contidas no neste Regulamento, previo pago do prezo público, correspondente ao uso pretendido, establecido pola Ordenanza de Prezos Públicos en vigor.

Estas normas servirán, dunha parte, para garantir os dereitos dos usuarios e usuarias das instalacións deportivas municipais e doutra, para fixar as necesarias obrigas ou deberes destes co persoal, cos demais usuarios ou co propio equipamento deportivo.

ARTIGO 2. INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

Son instalacións deportivas municipais todos aqueles edificios, dependencias ou recintos ó aire libre, equipados para desenvolver a práctica deportiva, e cuxa xestión teña encomendado o Concello de Marín.

CAPÍTULO II.—DEREITOS E OBRIGAS DOS USUARIOS

ARTIGO 3. DEREITOS DOS USUARIOS

1. Ser tratados con educación e amabilidade por todo o persoal que presta servizos na Concellería de Deportes e as súas instalacións.

2. Facer uso, de acordo ás normas de uso establecidas e as tarifas vixentes, de todas as instalacións e servizos .

3. Presentar as queixas, suxestións ou reclamacións que estimen convenientes por escrito nas follas de reclamación dispoñibles nas instalacións ou oficinas da Concellería de Deportes.

4. Atopar as instalacións en perfectas condicións de uso.

5. Facer uso das instalacións nos días e horarios sinalados no programa ou aluguer contratado, se ben, o Concello de Marín por necesidades de programación ou forza maior, poderá anular ou variar as condicións establecidas, comunicando esta circunstancia ós usuarios con tempo suficiente. No caso de desaxuste de horarios por causas alleas, os usuarios poderán optar por:

- a) Prorrogar a súa hora de comenzo da actividade se a seguinte hora non estivese alugada ou reservada.
- b) Cambiar a outra instalación que estivese libre, sempre que o regulamento de uso llelo permita.
- c) Solicitar a devolución da cota coa presentación do recibo.
- d) Solicitar un cambio da data e/ou hora coa presentación do recibo

6. Non ser discriminado por razóns de sexo, raza, relixión, opinión ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

7. Gardar e respectar a súa intimidade, polo que non se autoriza (excepto co permiso oportuno e de acordo coa lexislación en vigor) a captación de imaxes mediante a utilización de cámaras fotográficas, vídeos, teléfonos móbiles, ...

ARTIGO 4 .OBRIGAS DOS USUARIOS

1.—Gardar o debido respecto ós demais usuarios e ó persoal das instalacións, así como atender en todo momento as indicacións do persoal das Instalacións, cuxo cometido é supervisar toda actividade que se realice no recinto e as súas dependencias.

2.—Utilizar as instalacións, material e mobiliario adecuadamente, evitando posibles deterioros ou danos nas instalacións ou á saúde e dereitos dos outros usuarios. Se un usuario é un menor, serán responsables das consecuencias dos seus actos os seus pais ou titores legais.

Os responsables dos clubs terán a obriga de deixar a instalación nas mesmas condicións hixiénicas en que a recibiron.

3.—Acceder ás instalacións para realizar a actividade con indumentaria deportiva completa, observándose especialmente a necesidade de calzado adecuado a cada pavimento. Esta norma rixe tamén para as actividades que se realizen en pistas e instalacións ó aire libre.

4.—Aboar o prezo público correspondente ó servizo ou actividade elixida, dentro dos prazos que se establezan e que estarán expostos en cada instalación.

5.—Non fumar nas instalacións deportivas agás nas gradas das instalacións ó aire libre.

6.—Cumprir este regulamento, aínda que o usuario estea exento de aboar o prezo público polo uso do servizo.

7.—Non está permitido a introdución de bebidas alcólicas nas instalacións deportivas e non se poderá acceder con botes e recipientes de vidro ós espazos deportivos.

8.—Custear os danos ocasionados polo mal uso da instalación.

9.—A instalación de publicidade nas instalacións deportivas deberá contar coa autorización previa do Concello de Marín .

10.—Axustarse ós horarios e ás características concertadas no concepto de aluguer ou reserva de instalación.

11.—Seguir as indicacions do persoal responsable da instalación e do profesorado.

12.—Facer uso de cada instalación para o que está destinada.

13.—Non introducir obxectos ou elementos que poidan causar lesións, deteriorar os equipamentos ou perturbar a tranquilidade dos usuarios.

14.—Evitar comportamentos que impliquen perigosidade para a integridade física dos demais usuarios.

ARTIGO 5. RECLAMACIÓNS

Os usuarios e usuarias deberán ter os recibos correspondentes e conservalos durante o seu tempo de validez.

Os recibos serán de utilización exclusiva da persoa ou entidade para a que foron emitidos, e deberán gardalos no caso de reclamación posterior.

CAPÍTULO III.—RÉXIME SANCIONADOR

ARTIGO 6. INTRODUCCIÓN

O Concello de Marín poderá sancionar aqueles comportamentos que non respecten as obrigas dos usuarios e vulneren os dereitos dos demais usuarios. Ademais en función da gravidade da infracción poderanse emprender as accións xurídicas que correspondan. Este regulamento non exime doutros procedementos que estableza a lexislación vixente..

ARTIGO 7. FALTAS LEVES

1. Fumar nas IDM fóra das zonas autorizadas.
2. Acceder ás instalación con calzado ou vestuario inapropiado.
3. Utilizar a instalación para fins distintos para os que foi autorizado o uso desta.
4. Ausencia reiterada e non xustificada na instalación reservada.
5. Desatender as indicacións dos técnicos das instalacións, das actividades , servizos ou ós usuarios destas.

6. Ocasionar calquera acción leve que interrompa o normal desenvolvemento das actividades.

7. Consumir bebidas alcólicas nas instalacións deportivas fóra das zonas autorizadas.

8. Causar voluntariamente danos leves ós equipamentos, infraestruturas e elementos, sexan mobles ou inmobles, cando o custe da súa reparación estea comprendida entre 1 € e 600 €.

ARTIGO 8. FALTAS GRAVES

1. A falta de respecto ós técnicos das instalacións, das actividades , servizos ou ós usuarios das mesmas.

2. Calquera perturbación relevante da convivencia da Instalación, non cualificada como moi grave.

3. Non aboar as reservas das instalación ou a utilización dos servizos.

4. Impedir o uso das IDM ou dos servizos deportivos a outros usuarios con dereito á súa utilización, cando non se considere moi grave.

5. Introducir animais (con excepción dos cans guías) ou elementos prohibidos polo regulamento.

6. Non abandonar a instalación unha vez finalizado o tempo de reserva, impedindo o dereito a outros usuarios/-as.

7. A acumulación de dúas ou máis faltas leves.

8. Non comunicar os desperfectos ocasionados por un mesmo.

9. Ocasionar, por imprudencia ou negligencia, accidentes graves a si mesmo ou a outras persoas.

10. Provocar falsas alarmas nas IDM.

11. Causar voluntariamente danos graves ós equipamentos, infraestruturas e elementos, sexan mobles ou inmobles, cando o custe da súa reparación estea comprendida entre 601 € e 1500 €.

ARTIGO 9. FALTAS MOI GRAVES

1. A falta de respecto a usuarios que sexan menores de idade ou persoas con algún tipo de discapacidade física ou psíquica.

2. Impedir o uso das IDM ou dos servizos deportivos a usuarios menores de idade ou con algún tipo de discapacidade física ou psíquica con dereito á súa utilización.

3. Impedir o exercicio dos dereitos lexítimos doutros usuarios tanto ós que lles atribúe este regulamento como calquera outra norma xurídica aplicable.

4. Obstruír o normal funcionamento do servizo público.

5. Os roubos, destrozos ou calquera desperfecto sobre os elementos de seguridade: alarmas, extintores, ...

6. Apoderarse ilícitamente dos bens alleos.

7. Consumir ou traficar con substancias psico-trópicas, estupefacientes ou drogas tóxicas dentro das IDM e anexas.

8. Acosar física, moral ou sexualmente.

9. A acumulación de dúas ou máis faltas graves.

10. Causar voluntariamente danos moi graves ós equipamentos, infraestruturas e elementos, sexan mobles ou inmoables, cando o custe da súa reparación sexa superior ós 1500 €.

ARTIGO 10. PROCEDEMENTO

O trámite para a imposición de sancións por infraccións a este regulamento seguirase de conformidade co establecido no regulamento do procedemento para o exercizo da potestade sancionadora, R.D 1398/1993 de 4 de agosto.

As infraccións moi graves serán sancionadas cunha multa comprendida entre 1501 e 3000 € e/ou a privación dos dereitos de usuario/-a e da utilización das instalacións de 1 a 5 anos.

As infraccións graves serán sancionadas cunha multa comprendida entre 751 e 1500 € e/ou a privación dos dereitos de usuario/-a e da utilización das instalacións de 6 meses a 1 ano.

As infraccións leves serán sancionadas cunha multa comprendida entre 20 e 750 € e/ou a privación dos dereitos de usuario/-a e da utilización das instalacións de 1 día a 1 mes.

ARTIGO 11. MEDIDAS CAUTELARES

Os responsables da instalación poderán expulsar cautelarmente ós usuarios/-as que incorran en infraccións das normas que se conteñan neste Regulamento e/ou adoptar medidas para restablecer a orde e funcionamento do servizo, sen prexuízo das sancións que procedan.

CAPÍTULO IV: SOLICITUDE DE INSTALACIÓN DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA PARTICULARES

ARTIGO 12. INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

As instalacións obxecto de pedimento de reserva poden ser todas aquelas que estean baixo a dependencia do Concello de Marín, ben sexan recintos deportivos, salas, despachos, anexos, ...

ARTIGO 13. CRITERIOS DE PRIORIDADE

- Os usuarios que desexen alugar a instalación por primeira vez poderán facelo sempre que haxa horarios dispoñibles e non estea reservada por outros usuarios.
- Terán prioridade aqueles usuarios que xa alugaran a pista anteriormente nesa franxa horaria.
- Un usuario poderá deixar de alugar a instalación durante os meses de verán e volver a alu-

gala de novo en setembro notificándoo o Concello de Marín coa debida antelación quedando reservada a hora para futuros alugueres.

- Se un usuario deixa de alugar a instalación sen previo aviso durante un mes perderá a prioridade na utilización da instalación no horario que estaba sendo utilizado .
- Terán prioridade as persoas que estean empadroadas no Concello de Marín, seguido de persoas residentes noutros concellos próximos que non dispoñan de instalacións propias.
- Terán prioridade para un aluguer puntual os seguintes colectivos:
 - Colectivo de persoas con discapacidade física, sensorial ou psíquica.
 - Colectivo de persoas maiores.
 - Colectivo inmigrante residente en Marín.

ARTIGO 14. FORMALIZACIÓN DA RESERVA

1. O usuario/a interesado deberá acudir ou chamar as Oficinas de Deportes do Concello de Marín para interesarse polos horarios dispoñibles, dende a semana anterior á data desexada.

2. Unha vez feita a reserva, atendendo ós criterios de prioridade do artigo 13 deste regulamento acudirase en persoa ó Concello de Marín onde se lle dará ao interesado un impreso de "Solicitud de aluguer das IDM" e onde deberán quedar reflectidos os seguintes datos:

- Nome e apelidos do responsable.
- DNI
- Data de nacemento (A persoa responsable do aluguer deberá ter como mínimo 18 anos polos posibles desperfectos ou incidentes que pudieran acontecer)
- Teléfono de contacto
- Instalación que desexa alugar.
- Data e hora do aluguer.
- Sinatura da persoa que se fai responsable do aluguer.

3. Formalizada a reserva o interesado/a deberá pagar o prezo público correspondente, ben a través dunha conta bancaria (que se facilitará) ou a través da Tesourería Municipal, entregando unha copia da desta no Concello de Marín.

4. Para as reservas anuais o período de solicitude irá do 1 ao 14 de agosto, enchendo a instancia correspondente, dirixida ó Concello de Marín e entregándoa por Rexistro. Posteriormente e unha vez analizadas as posibles reclamacións, pasarase a unha segunda fase, a partir do 15 de agosto, na que a entidade deberá formalizar un contrato para a concesión do horario de adestramento. Este contrato terá vixencia entre o 1 de setembro e o 15 de xuño.

ARTIGO 15. RESPONSABILIDADE CIVIL

O Concello de Marín non se fai responsable dos accidentes ou lesións que poidan acontecer, nin dos roubos que poidan producirse dentro das instalacións.

CAPITULO V: SOLICITUDE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA CLUBES OU ENTIDADES DEPORTIVAS

ARTIGO 16. PRAZOS

Os clubs e entidades deportivas poderán reservar algunha das instalacións deportivas dependentes do Concello de Marín entre o 15 de xuño e o 15 de xullo, enchendo a instancia correspondente, dirixida ó Concello de Marín e entregándoa por Rexistro. Posteriormente e unha vez analizada as posibles reclamacións, pasarase a unha segunda fase, a partir do 1 de agosto, na que a entidade deberá formalizar un contrato para a concesión do horario de adestramento. Este contrato terá vixencia entre o 1 de setembro e o 15 de xuño. Excepcionalmente poderase realizar a instancia máis tarde para as competicións que inda non dispoñen de calendario, sempre, que se presente unha notificación da federación correspondente.

ARTIGO 17. INSTALACIÓNS

As instalacións que precisan ser solicitadas poden ser todas aquelas que estean baixo a dependencia do Concello de Marín, ben sexan recintos deportivos, salas, despachos, anexos, .

O Concello priorizará, a hora da reserva das instalacións, aqueles clubs ou entidades que participen ou colaboren no desenvolvemento das Escolas Deportivas Municipais.

ARTIGO 18. PERÍODOS EXCEPCIONAIS

Os adestramentos e competicións en períodos vacacionais, de pretempada, a solicitude de novos horarios ou a modificación dos xa concedidos, deberán solicitarse por rexistro no Concello de Marín.

ARTIGO 19. PRAZOS MÍNIMOS

Establécese un período mínimo de dous meses de anticipación para a reserva das IDM para a celebración de eventos deportivos de especial relevancia.

ARTIGO 20. ANULACIÓNS

O uso das instalacións leva a aceptación desta normativa. O seu incumprimento será motivo para cancelar o uso dela, que se pode producir polos seguintes motivos:

- 1-Non utilización reiterada da instalación concedida.
- 2-Uso inadecuado da instalación.

3-Provocar destrozos na instalación, no seu equipamento ou no material deportivo.

4-Pola baixa asistencia dos xogadores ós adestramentos de forma reiterada.

5-Polo impago do prezo público correspondente.

6-Por faltas reiteradas e evidentes de respecto ó persoal da instalación, árbitros, resto de xogadores, ...

7-Por ceder os dereitos de utilización a terceiros.

ARTIGO 21. REORGANIZACIÓN DE HORARIOS

O Concello de Marín resérvase o dereito de suspensión e/ou axuste dos horarios concedidos por necesidades de programación u organización de eventos do Concello de Marín.

ARTIGO 22. SEGUROS

As entidades deportivas confirmarán mediante o documento correspondente que todos os participantes que fagan uso da IDM están en posesión dun seguro de asistencia sanitaria e responsabilidade civil durante a súa permanencia nas instalacións municipais, ou en posesión da licenza federativa correspondente.

ARTIGO 23. RESPONSABILIDADE CIVIL

O Concello de Marín non se fai responsable dos accidentes ou lesións que poidan acontecer, nin dos roubos que poidan producirse dentro das instalacións.

ARTIGO 24. PRIORIZACIÓN

Para entidades deportivas establecerase a prioridade de usos segundo a categoría de competición (Nacional, autonómica, local, escolar, ...), categorías de competición por idades, número de categorías inferiores, número de licenzas federativas, número de Escolas Deportivas, carecer de instalación deportiva propia, ter domicilio social no Concello de Marín, contar cun 60% de xogadores empadroados no Concello de Marín, ...

ARTIGO 25. DURACIÓN DAS RESERVAS

As concesións son única e exclusivamente para a tempada concedida. A concesión dunha instalación, nun horario, durante unha tempada non asegura que lle sexa concedida automaticamente ó ano seguinte.

ARTIGO 26. PREZO PÚBLICO

Á utilización das instalacións correspóndelle un prezo público regulador na ordenanza fiscal correspondente.

ARTIGO 27. PAGAMENTO DO PREZO PÚBLICO

O pagamento do prezo público correspondente deberá realizarse antes do día 5 de cada mes, en caso contrario, no poderán facer uso delas.

ARTIGO 28. CALENDARIO DE COMPETICIÓN

A entidade deberá presentar o calendario de competición oficial da federación correspondente coa maior brevidade posible. Mentres o Concello de Marín non conceda oficialmente a IDM non se considerará reservada oficialmente.

ARTIGO 29. ANULACIÓN DE RESERVAS

Deberase comunicar cunha antelación mínima de tres días a anulación dunha reserva concedida.

ARTIGO 30. PERÍODOS DE ADESTRAMENTOS E COMPETICIÓN

Os días e horarios que poderán solicitar para os adestramentos comprenden de luns a venres no horario de mañá e tarde.

As competicións celebraranse, excepto casos excepcionais debidamente xustificados, os sábados e domingos todo o día.

**CAPITULO VI: SOLICITUDE
DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS
PARA CENTROS PÚBLICOS EDUCATIVOS**

ARTIGO 31. SOLICITUDES

Os centros educativos poderán reservar as IDM dependentes do Concello de Marín para impartir clases de Educación Física do 16 de agosto ao 5 de setembro de cada ano, enchendo a instancia correspondente e entregándoa no Rexistro Municipal. Posteriormente e, unha vez analizadas as posibles reclamacións, o centro escolar deberá formalizar un contrato para a cesión das instalacións. O contrato terá vixencia durante o calendario escolar.

ARTIGO 32. ADESTRAMENTOS E COMPETICIÓN

Os adestramentos deportivos e competicións rexeranse pola normativa para clubs ou entidades.

ARTIGO 33. HORARIOS

Establécese a prioridade horaria para os centros escolares entre as 09:00 e as 16:00, sempre que non coincidan con actividades programadas polo Concello de Marín.

ARTIGO 34. RESPONSABLES DAS CLASES

Os alumnos e alumnas unicamente poderán acceder á instalación en compañía dun docente, que será o responsable do seu comportamento.

ARTIGO 35. MATERIAL

O material utilizado nas clases será o acordado polo Centro e o Concello de Marín, sendo responsables do seu uso, recollida e dos posibles deterioros que poida sufrir.

ARTIGO 36. VARIACIÓN DE HORARIOS

A solicitude de novos horarios ou a modificación dos xa concedidos deberán solicitarse por rexistro o Concello de Marín.

ARTIGO 37. ANULACIÓN DE RESERVAS

O incumprimento destas normas poderá conllevar a anulación do dereito a utilizar as IDM.

ARTIGO 38. SEGURO ESCOLAR

Os centros educativos confirmarán mediante o documento correspondente que todos os participantes que fagan uso da IDM están en posesión dun seguro de asistencia sanitaria e responsabilidade civil durante a súa permanencia nas instalacións municipais.

ARTIGO 39. RESPONSABILIDADE CIVIL

O Concello de Marín non se fai responsable dos accidentes o lesións que poidan acontecer por actuacións negligentes ou en prácticas deportivas, nin dos roubos que poidan producirse dentro das instalacións. A responsabilidade corresponderá ó Centro Educativo ou Consellería de Educación.

**CAPITULO VII: DAS ACTIVIDADES
DEPORTIVAS PROGRAMADAS POLO
CONCELLO DE MARÍN**

ARTIGO 40. NORMAS XERAIS DE INSCRICIÓN

1. Para as actividades ou cursos dos adultos (maiores de 18 anos) deberase acudir ás oficinas do Concello de Marín ou ben chamar ó teléfono do Concello para informarse sobre as prazas disponibles e facer a reserva no caso de estar interesado na actividade.

2. Ingresarase o prezo público correspondente, ben a través dunha conta bancaria (que se facilitará) ou a través da Tesourería Municipal.

3. Entregarase unha copia do recibo nas dependencias do Concello de Marín para o seu rexistro e clasificación.

4. Para as actividades dos nenos/as deberá ser o pai/nai, titor/a quen faga a reserva comunicando os datos tanto del/a como do neno/a e aboar o prezo público no Concello seguindo o mesmo procedemento que para a inscrición das actividades de adultos.

*ARTIGO 41. PERÍODO DE IMPARTICIÓN
DAS ACTIVIDADES*

1. As actividades impartiranse tanto polas mañás como polas tardes dependendo da demanda dos diversos colectivos e a programa que determine o Concello de Marín ou concellaría en materia de deportes.

2. As actividades para os nenos/as faranse principalmente polas tardes dos meses de outubro a maio e polas mañás nos meses de xullo e agosto.

**CAPÍTULO VIII.—IMAXE E PUBLICIDADE
NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS**

ARTIGO 42. SOLICITUDES

Deberase solicitar unha autorización ó Concello de Marín para a colocación de toda a publicidade que se pretenda colocar nunha IDM. A duración da colocación poderá ser por un encontro, evento, período, tempada deportiva ou varias tempadas no caso de non existir inconveniente para o mesmo. Nesta solicitude deberase especificar o lugar, dimensións e contidos dela.

ARTIGO 43. PERÍODOS

A autorización para a colocación de publicidade limitarase ó tempo polo que foi autorizado, podendo ser prorrogado en caso de non existir impedimento. Finalizado o período mencionado a entidade solicitante deberá retirala, deixando a instalación nas mesmas condicións nas que estaba inicialmente.

ARTIGO 44. UBICACIÓN

A publicidade non tapará anuncios xa existentes.

ARTIGO 45. MATERIAIS PUBLICITARIOS

Queda prohibido utilizar elementos publicitarios permanentes, tales como murales pintados. Sempre se utilizarán fórmulas publicitarias removibles (lonas, taboleiros parafusados, ...).

ARTIGO 46. ALMACENAMENTO

Deberase solicitar autorización ó Concello de Marín para a almacenaxe da publicidade nalgún espazo da instalación e contar coa revisión do persoal técnico do propia Concello. Os elementos deberán ser ignifugos.

ARTIGO 47. ESPAZOS PERMITIDOS

Os espazos permitidos para a colocación de publicidade estará condicionada á xestión que realice o Concello de Marín. O Concello encargarse de indicar as entidades deportivas o espazo a ocupar pola publicidade.

ARTIGO 48. MOROSIDADE

As entidades deportivas que manteñan algunha débeda co Ilmo Concello de Marín non estarán autorizadas a colocar publicidade, ó mesmo tempo deberán retirar a xa existente (se for o caso).

ARTIGO 49. NORMATIVAS APLICABLES

A publicidade nas IDM, tanto permanentes, puntuais, móbiles ou estáticas levarase a cabo de acordo coa normativa xeral de publicidade e a específica sobre menores, alcohol, tabaco e substancias estupefacientes.

ARTIGO 50. MENSAXES NEGATIVAS

Prohibirase a colocación de publicidade cando incite ó consumo de bebidas alcólicas, de tabaco ou ó consumo de substancias ilegais, que conteñan mensaxes xenófobas ou en xeral cando inciten ó quebrantamento da legalidade vixente.

ARTIGO 51. DIGNIDADE PUBLICITARIA

Prohibirase a colocación de publicidade cando as mensaxes ou imaxes amosadas atenten contra a dignidade da persoa ou vulnere os valores e dereitos constitucionais, especialmente no que se refire á protección da infancia e á utilización sexista da linguaxe ou a imaxe.

ARTIGO 52. DANOS Á INSTALACIÓN

A colocación da publicidade estática non poderá danar a instalación, nin tampouco deixar rastros tras a súa retirada.

ARTIGO 53. COLOCACIÓN

Os gastos orixinados pola colocación e/ou retirada da publicidade correrán por conta da entidade autorizada.

ARTIGO 54. SEGURIDADE

Non se poderán instalar valados publicitarios que representen un perigo para os usuarios ou deportistas, tanto debido ás súas fixacións como polos materiais empregados.

ARTIGO 55. PUBLICIDADE NO TERREO DE XOGO

Non se poderá colocar ningún elemento publicitario sobre o terreo de xogo, salvo autorizacións excepcionais que deberán contar cun documento no que os solicitantes se comprometan a custear todos os desperfectos ocasionados.

ARTIGO 56. ESPAZOS RESERVADOS

A Concellaría de Deportes reservarase espazos nas zonas centrais ou prioritarias das IDM ou dos eventos que patrocine para a colocación de publicidade institucional da propia Concellaría e do Ilmo Concello de Marín.

ARTIGO 57. DEREITO MUNICIPAL

O Concello de Marín resérvase o dereito a dene-
gar a colocación dalgunha publicidade se desta se
infire que vulnera preceptos legais ou regulamenta-
rios, previo informe do técnico municipal compe-
tente na materia.

ARTIGO 58. REQUERIMENTOS DE RETIRADA

O Concello de Marín poderá requirir a retirada
dalgunha publicidade que estea moi deteriorada ou
por atentar contra a institución, os usuarios, os
clubs, así como contra os demais anunciantes.

ARTIGO 59. AGRUPACIÓN VERTICAL

Non se permitirá a agrupación vertical de pa-
neis.

**CAPITULO IX.—NORMAS DE ACCESO
E UTILIZACIÓN DOS ESPAZOS DEPORTIVOS****SECCIÓN 1.—NORMAS DE UTILIZACIÓN DE
CAMPOS DE FÚTBOL DE HERBA SINTÉTICA**

1. Non se permite a entrada de animais.
2. Non se permite comer nin fumar no terreo de
xogo e nos seus espazos deportivos colindantes.
3. Queda prohibido o consumo de bebidas alcóli-
cas na instalación deportiva.
4. Non se permitirá o acceso ás zonas de céspede
con roupa ou calzado de rúa.
5. Non se permitirá xogar con botas de tacos
metálicos ou zapatillas de cravos.
6. Non se permitirá o uso de elementos metálicos
(cepillos, angazos, ...).
7. Non se permitirá facer lume, soldar, utilizar
aparells pirotécnicos, ...
8. Non se permitirán utilizar chorros de auga a
vapor que excedan os 3 psi (estático) ou os 35psi
(dinámico).
9. Estará prohibido o uso de equipamentos, mé-
todos ou materiais de limpeza non autorizados.
10. Non se permitirá almacenar sobre a superfi-
cie sintética bidóns ou equipamentos pesados, ...
11. Non se poderán introducir cargas de area ou
caucho sen autorización expresa do persoal técnico
da concellaría
12. Os deportistas deberán utilizar a indumenta-
ria apropiada específica que se esixa a práctica do
fútbol.
13. Non se permite facer exercicio co torso des-
nudo.
14. Non está permitido o acceso de bicicletas,
motos, patíns, monopatíns ou outros vehículos non
autorizados en todo o recinto deportivo.
15. O público estará limitado á zona de gradas,
non podendo acceder ó campo ou á zona de vestiarios.

**SECCIÓN 2.—NORMAS DE UTILIZACIÓN
DE PABILLÓNS CUBERTOS**

1. Non se permite a entrada de animais.
2. Non se permite comer nin fumar na instala-
ción deportiva.
3. Queda prohibido o consumo de bebidas alcóli-
cas na instalación deportiva.
4. Non se permitirá o acceso á pista con calzado
de rúa.
5. Empregaranse zapatillas deportivas específi-
cas para cada superficie sen sola negra.
6. Os deportistas deberán utilizar a indumenta-
ria apropiada específica que se esixa en cada caso
para a realización da actividade.
7. Non se permite facer exercicio co torso des-
nudo.
8. Non está permitido o acceso de bicicletas,
motos, patíns, monopatíns ou outros vehículos non
autorizados.
9. No interior do pabillón o público estará limi-
tado á zona de gradas, non podendo acceder á pista
ou á zona de vestiarios .

**SECCIÓN 3.—NORMAS DE UTILIZACIÓN
DE PISTAS POLIDEPORTIVAS EXTERIORES**

1. Non se permite a entrada de animais.
2. Non se permite comer nin fumar na instala-
ción e nos seus espazos deportivos colindantes.
3. Queda prohibido o consumo de bebidas alcóli-
cas na instalación deportiva.
4. Non se permitirá o acceso á pista con roupa ou
calzado de rúa.
5. Empregaranse zapatillas deportivas específi-
cas para cada superficie sen sola negra.
6. Os deportistas deberán utilizar a indumenta-
ria apropiada específica que se esixa en cada caso
para a realización da actividade.
7. Non está permitido o acceso de bicicletas,
motos, patíns, monopatíns ou outros vehículos non
autorizados.
8. Non se permite facer exercicio co torso des-
nudo.

**SECCIÓN 4.—NORMAS DE UTILIZACIÓN
DE PISTAS DE ATLETISMO**

1. Non se permite a entrada de animais.
2. Non se permite comer nin fumar nas instala-
ción deportivas.
3. Queda prohibido o consumo de bebidas alcóli-
cas na instalación deportiva.
4. Todos os usuarios e usuarias teñen a obriga de
identificarse ós responsables da instalación antes
de acceder á instalación.

5. De xeito xeralizado realizarase o uso das pistas empregando zapatillas de cravos ou similares. Nas rúas 5, 6, 7 e 8 e zonas de saltos poderase empregar calzado sen cravos, non agresivo co material sintético (botas de tacos, multitacos, ...).

6. Nos adestramentos o uso das rúas é libre, agás a número 1, que só se poderá empregar con autorización expresa do Concello de Marín ou oficina de deporte.

7. Só está permitido relizar exercicios técnicos (multisaltos, skipping, ...) nas medias lúas e zonas de saltos, sempre que non se interfira sobre os deportistas que estean utilizando esas zonas.

8. No caso de coincidir varios grupos de adestramento simultaneamente na pista de 400 m., deberán poñerse de acordo para o uso racional das rúas.

9. As series de velocidade de menos de 100 m. realizaranse nas rúas 7 e 8 da recta principal de chegada e na contrarrecta.

10. Durante a utilización dos tacos de saída en adestramentos, estes deberanse colocar diante da liña de saída para evitar o seu desgaste excesivo.

11. A utilización de arrastes ou outros implementos deberán contar coa autorización do persoal técnico da instalación.

12. Os lanzamentos só se poderán realizar nos espazos deseñados especificamente para tal fin, seguindo todas as medidas de seguridade precisas.

13. Os saltos só se poderán realizar nos espazos deseñados especificamente para tal fin ou nos lugares autorizados polo persoal técnico. Os usuarios dos fosos deberán deixar a area en perfectas condicións, polo que se porá á súa disposición angazos.

14. Os usuarios terán á súa disposición determinados materiais, que deberán solicitar ó persoal técnico, deixando algún documento identificativo ata a súa devolución. Os usuarios están obrigados a coidalo e utilízalo correctamente, debendo devolve-lo ó seu lugar de orixe.

15. Os deportistas utilizarán atuendo deportivo específico para a práctica do atletismo.

16. Non se permite facer exercicio co torso desnudo.

17. Non está permitido o acceso ás pistas a bicicletas, motos, patíns, monopatíns ou outros vehículos non autorizados.

18. O público estará limitado á zona de gradas, non podendo acceder ás pistas ou á zona de vestiarios .

SECCIÓN 5.—NORMAS DE UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓNS ANEXAS ÁS DEPORTIVAS

1. Non se permite a entrada de animais.

2. Non se permite comer nin fumar no terreo de xogo e nos seus espazos deportivos colindantes.

3. Queda prohibido o consumo de bebidas alcólicas na instalación deportiva.

4. Todos os usuarios deberán devolver ao seu lugar de orixe o material utilizado.

5. Os deportistas deberán utilizar a indumentaria apropiada específica que se esixa en cada caso para a realización da actividade.

6. Non se permite facer exercicio co torso desnudo.

7. Non está permitido o acceso ás pistas a bicicletas, motos, patíns, monopatíns ou outros vehículos non autorizados

SECCIÓN 6.—NORMAS DE UTILIZACIÓN DE PISTAS DE TENIS

1. Non se permite a entrada de animais.

2. Non se permite comer nin fumar na instalación deportiva.

3. Queda prohibido o consumo de bebidas alcólicas na instalación deportiva.

4. Os deportistas deberán utilizar a indumentaria apropiada específica que se esixa para a práctica do tenis. Empregaranse zapatillas deportivas específicas para cada superficie.

5. Non se permite facer exercicio co torso desnudo.

6. Non se permitía o acceso ás pistas con roupa ou calzado de rúa.

7. Está prohibido tirar calquera tipo de desperdicio.

8. Queda terminantemente prohibido impartir clases con finalidade de uso e beneficio particular, excepto as autorizadas expresamente pola Concellaría de Deportes.

9. Soamente se permitirá reservar unha hora para individuais e dúas para dobres. En caso de finalizar a reserva e estar a pista baleira deberán dirixirse ó técnico da instalación para solicitar outra hora de uso.

10. Non se permitirá a práctica de calquera modalidade deportiva distinta á do tenis.

11. Non está permitido o acceso ás pistas a bicicletas, motos, patíns, monopatíns ou outros vehículos non autorizados.

CAPÍTULO X.—DISPOSICIÓNS FINAIS

ARTIGO 60.—NORMATIVA SUPLETORIA

No non disposto na presente Normativa rexirase polo disposto en materia deportiva e en concreto a Ley del Deporte, a Lei Galega do Deporte, o R.D. 159/1992, de 23 de decembro, sobre Disciplina Deportiva, así como a Ley7/1985, de 2 de abril, de Bases de Régimen Local, e Lei de Contratos de las Administraciones Públicas, Regulamento de Servicios das Corporacións Locais y demais normativa en vigor.

ARTIGO 61.— NORMATIVA COMPLEMENTARIA

A Concellaría de Deportes resérvase o dereito a ditar disposicións ou resolucións para modificar, aclarar ou desenvolver o ditado nesta Normativa. As modificacións realizadas, así como o prezo público correspondente a cada ano, horarios, etc estarán a disposición dos usuarios e usuarias nas oficinas municipais e nas IDM.

ARTIGO 62.— ENTRADA EN VIGOR

Esta Normativa entrará en vigor de conformidade co artigo 65 da Lei de Bases de Réxime Local o día seguinte da súa publicación .

ANEXO I.— A.N.P.A.S.

Solicitudes.—Os A.N.P.A.S poderán reservar as IDM dependentes do Concello de Marín para impartir actividades extraescolares do 16 de agosto ao 5 de setembro de cada ano, enchendo a instancia correspondente e entregándoa no Rexistro Municipal.

Adestramentos e competicións.—Os adestramentos deportivos e competicións rexeranse pola normativa para clubs ou entidades.

Horarios.—Establécese a prioridade horaria para os A.N.P.A.S. entre as 16:00 e as 18:00, sempre que non coincidan con actividades programadas polo concello ou concellaría competente en materia de Deportes.

Responsables das clases.—Os alumnos e alumnas unicamente poderán acceder á instalación en compañía dun responsable ou membro da A.N.P.A.S da actividade, que serán os responsables do seu comportamento.

Material.—O material utilizado nas clases será o acordado polo A.N.P.A.S. e o Concello de Marín, sendo responsables do seu uso, recollida e dos posibles deterioros que poida sufrir.

Número mínimo de alumnos.—O grupo terá un mínimo de 10 alumnos. O mal rendemento das clases poderá ser motivo de anulación da concesión da instalación deportiva para o fin que foi cedida previo informe do técnico municipal de deportes servizos.

Variación de horarios.—A solicitude de novos horarios ou a modificación dos xa concedidos deberán solicitarse por rexistro á Concellaría de Deportes.

Anulación de reservas.—O incumprimento destas normas, o baixo rendemento ou a mala calidade na impartición das clases poderá conlevar a anulación do dereito a utilizar as IDM previo informe do técnico municipal de deportes.

Seguro escolar.—Os A.N.P.A.S. confirmarán mediante o documento correspondente que todos os participantes que fagan uso da IDM están en posesión dun seguro de asistencia sanitaria e responsabilidade civil durante a súa permanencia nas instalacións municipais.

Responsabilidade civil.—O Concello de Marín non se fai responsable dos accidentes o lesións que poidan acontecer por actuacións negligentes ou en prácticas deportivas, nin dos roubos que poidan producirse dentro das instalacións.

Marín , 10 de novembro de 2009.—O Alcalde,
Francisco A. Veiga Soto. 2009012774

* * *

SANXENXO**A N U N C I O**

Aprobados os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexen a contratación, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, do servizo de restauración polo sistema de catering na escola infantil O Tombo, anúnciase a convocatoria para a devandita contratación.

1. OBXECTO

Contratación do servizo de restauración polo sistema de catering na escola infantil O Tombo.

2. PREZO

119.152,80 euros (sen IVE).

3. PRAZO DE REALIZACIÓN DO SERVIZO

4 anos.

4. GARANTÍAS

Provisoria: non se esixe. Definitiva: 5% do prezo de adxudicación (sen IVE).

5. PUBLICIDADE

Anuncio no perfil do contratista da páxina web municipal (www.sanxenxo.es) no BOP e no DOG.

6. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

Quince (15) días naturais a contar dende o seguinte ao da última publicación do presente anuncio, sexa esta no BOP ou no DOG.

7. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

Presidencia do organismo autónomo “Terra de Sanxenxo”.

8. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

No Rexistro Xeral do Concello ou en calquera das formas permitidas na lexislación vixente.